

REXISTRO ACTIVIDADE VOZ NATURA QUINTO DE INFANTIL



CURSO:

O alumnado de Quinto de Educación Infantil inicia a súa participación no Proxecto de Voz Natura.

NOME DA ACTIVIDADE:

“Os Tesouros do Bo Camino”. 1º TRIMESTRE.

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE:


Elaboramos unha serie de actividades enfocadas a descubrir o Camiño de Santiago e os tesouros do Bosque Galego que leva acompañados. Aprendimos en qué consiste o Camiño, bailamos coa canción “A Santiago voy”, visionamos diferentes vídeos que nos mostraron cómo se desenvolve o Camiño de Santiago, coñecemos o que é un Código QR e cómo forma parte da nosa vida e no día a día do Camiño, descubrimos as súas diferentes rutas, centrámonos nunha delas e detivémonos no Bosque Galego.



Da man de Vicente, un axente forestal xa xubilado, descubrimos catro das prantas non arbóreas do Bosque Galego (“A Xesta, O Toxo, A Silva e a Carpa”).



Aprendimos o que é un Herbario e cómo se fai e curioseamos un cunha antigüedad de 37 anos.





Elaboramos un taller onde podemos degustar e fomentar o consumo do fruto saudable da Silva e á vez comprobamos a posibilidade que nos ofrece a natureza para obter colorantes naturais para pintar.



A raíz de ver o vídeo sobre os símbolos do Camiño xurdiu un elemento motivador que inicialmente non estaba planificado: a curiosidade polas calabazas, as “antiguas cantimploras” dos peregrinos. Coincidindo tamén que estabamos a celebrar en breve o Samaín, decidimos darlle un protagonismo a este elemento tan importante do camiño.


Descubrimos as diversas variedades de calabaza,
as súas características, a súa utilidade para o peregrino, vimos cómo
eran as súas semillas e as degustamos.



Posteriormente plantamos as semillas de calabaza nuns botes de iogur reciclados do
comedor que foron decorados en cada clase ó gusto, e cando xa xerminaron levámolas para
as casas.



Algún alumno ensinou a través de fotos e algún vídeo como foron crescendo na casa
e incluso trasplántáronas a macetas máis grandes e nas hortas da familia.



OBXECTIVOS:

A 24ª Edición da “especial protagonismo ás actividades de protección e recuperación do entorno natural do Camiño de Santiago”. Propóñnos que “traballemos nesta ruta en calqueira das súas variantes”.

Nesta primeira actividade centrámonos en:

- Favorecer “a investigación e o coñecemento dos tesouros de Galicia” e
- Axudar á “promoción dos valores paisaxísticos”.
- Coñocer o que é o Camiño de Santiago, descubrir que existen diferentes rutas, cales son os seus símbolos e cómo se chaman as persoas que o fan.
- Descubrir catro das plantas típicas do monte galego: xesta, toxo, carpaza e silva.
- Coñocer a mora e a calabaza, froitos saudables do monte e a horta galega.
- Explorar o que é un Herbario.
- Valorar a importancia do coidado e o respecto polo Bosque e tódolos seres vivos que o forman.

MATERIAIS E RECURSOS QUE SE PRECISAN PARA LEVALA A CABO:

Material Audiovisual (Necesaria tablet/ordenador e conexión a internet):

Vídeo visionado do axenteforestal sobre o Camiño De Santiago.

<https://youtu.be/DZH9svJIWxs>

Video visionado sobre “Os Símbolos do Camiño De Santiago”.

<https://youtu.be/ZEo3UuL-V8E>

Canción escoitada polo alumnado “A Santiago voy”.

<https://youtu.be/9SxuEE46PgA>

Enlace código QR del Camino De Santiago Inglés visto polo alumnado. Parada en Betanzos.

<http://caminoingles.mobi/QR/CAMING32>

Outros materiais:

Herbario proporcionado por un axenteforestal retirado, as plantas traballadas do bosque galego, moras, calabazas, pipas de calabaza, vasos de iogures reciclados, terra, auga, culleres, pala e regadeira, e material diverso de aula para as actividades plásticas: plastilina, cores, cartulinas, pegamento, tesouras,...

EVALUACIÓN E VALORACIÓN DA ACTIVIDADE:

Esta actividade resultou boa para iniciar este ano o Proxecto de Voz Natura. Dar a coñecer ó noso alumnado tan pequeno o que é o Camiño de Santiago resulta imprescindible xa que forma parte da nosa cultura galega e ó mesmo tempo ensinamos a importancia do

respeto e coidado polo medio ambiente que nos rodea e recalcamos a importancia pola dieta saudable.

A actitude dos máis pequenos foi tan positiva ante o que planificamos e traballamos que incluso tivemos que ampliar o que tiñamos pensado xa que vimos que a motivación deles así o esixía.

Entrada de Blog co vídeo que resume toda a actividade:

<https://blog.liceolapaz.com/2020/10/27/los-tesoros-del-buen-camino/>

REXISTRO ACTIVIDADE VOZ NATURA DE QUINTO DE INFANTIL

CURSO:

5º Educación Infantil

NOME DA ACTIVIDADE:

¿De quen son esas pegadas?. 2ºTRIMESTRE

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE:

Neste 2º trimestre, comezamos a falar dos animais e, en concreto, coñecemos un pouco mellor os que nos poderíamos encontrar no camiño. Entre eles atopamos o moucho, o raposo, o xabarín, o esquío... Tras ver fotos sobre eles e buscar certa información, fixemos esta actividade tan divertida. Consiste en buscar as pegadas que corresponden os nosos animais esquivos e pegar as mesmas o seu lado.

OBXECTIVO:


Coñecer un pouco máis da nosa fauna a través do camiño, sempre de forma lúdica.

MATERIAIS E RECURSOS QUE SE PRECISAN PARA LEVALA A CABO:

- Ordenador.
- Impresora.
- Plastificadora.
- Velcro.
- Tesoira.

AVALIACIÓN E VALORACIÓN DA ACTIVIDADE:

A actividade resultoulle moi motivadora e diferente. Ademais, axúdaos a relacionar as letras entre sí o que é de gran axuda para que moitos rompan a ler. Con ela conseguimos que os nenos e as nenas coñezan mellor o noso mundo animal e estén motivados para novas aprendizaxes.



REXISTRO ACTIVIDADE VOZ NATURA DE QUINTO DE INFANTIL

CURSO:

5º Educación Infantil

NOME DA ACTIVIDADE:

“Gastronomía do Camiño de Santiago”. 3º TRIMESTRE



DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE:

A actividade ten varias partes: a primeira, consiste en ir plantar ao viveiro da escola produtos principais de varios platos típicos galegos, como son os pementos de Padrón, as cebolas coas que se elaboran as empanadas, e patacas, coas que se fan as famosas tortillas de Betanzos. Os nenos e nenas plantarán e estarán pendentes do seu crecemento.





A segunda parte da actividade consiste na realización dun recetario de comidas típicas dos distintos pobos que hai durante o Camiño de Santiago, como son a empanada de atún, os pementos de Padrón e a tortilla de Betanzos. Os nenos e as nenas elaborarán o

recetario nas súas aulas, coa axuda das tutoras, no que se involucrarán escribindo as cantidades dos ingredientes necesarios, os nomes dos ingredientes e os debuxos.

E a terceira e última parte, consiste na degustación destas comidas na aula, de maneira individual.

OBXECTIVOS:

- Achegar aos nenos e nenas á gastronomía típica galega.
- Despertar o gusto pola natureza e polo seu coidado.
- Fomentar o traballo cooperativo.
- Espertar o gusto pola lectoescritura.
- Relacionar as comidas coas diferentes etapas do Camiño de Santiago.

MATERIAIS E RECURSOS QUE SE PRECISAN PARA LEVALA A CABO:

- | | |
|------------|------------|
| • Cebolas | • Folios |
| • Patacas | • Lápicos |
| • Pementos | • Pinturas |
| • Terra | • Empanada |
| • Abono | • Tortilla |
| • Macetas | • Pementos |

AVALIACIÓN E VALORACIÓN DA ACTIVIDADE:

A primeira parte desta actividade resultou moi satisfactoria, pois aos nenos e nenas gústalles moito ir ao viveiro a plantar, estar en contacto coa natureza, manipular terra e ferramentas e o traballo en equipo.

A valoración da segunda e da terceira parte desta actividade non se pode facer, pois aínda non se levou a cabo, pero pensamos que lles vai emocionar ter un recetario feito por eles mesmos e tamén probar os produtos, sabendo que están feitos co mesmo que eles mesmos plantaron.